



observatorio galego
de condicións de traballo

**INFORME SOBRE O PROGRAMA DE
PROTECCIÓN DAS TRABALLADORAS
EMBARAZADAS
2011 E 2012**

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Xaneiro 2014

Autora: **M^a Jesús Copa Arias**

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral - ISSGA

INTRODUCCIÓN

O plans anuais de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) debuxan as principais liñas de traballo e actuacións técnicas deste cara o seguinte ano, dentro da liña de continuidade marcada polo cumprimento dos fins e funcións que a este organismo lle atribúe a Lei 14/2007, pola que se crea e regula.

No artigo 4º i) da citada lei menciónase entre as funcións atribuídas ao Instituto: estudar e vixiar as condicións de traballo que poidan resultar nocivas ou insalubres durante os períodos de embarazo e lactación da muller traballadora, para acomodar no caso necesario a súa actividade laboral a un traballo compatible durante os períodos referidos.

Sobre esta base susténtase o Programa de protección das traballadoras embarazadas (PPE), que xorde e continua nos plans de actividades 2011 e 2012, e que a súa vez se engloba dentro dos plans e programas de redución, é dicir, aqueles que conforman as actuacións de investigación, asesoramento e asistencia programadas por sectores ou fronte a riscos determinados, en función do seu estado de situación e da súa evolución, polo que a filosofía é que teñan un carácter temporal limitado (anuais ou bienais), co obxecto de podelos reformular periodicamente.

OBXECTIVOS

O artigo 26 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, indica a obriga da toma en consideración da posible repercusión sobre o embarazo ou a lactación das traballadoras, na avaliación dos riscos, e as medidas pertinentes, caso de detección de riscos.

Pola súa banda, o R.D. 298/2009 inclúe dous anexos contendo unha lista non exhaustiva de axentes, procedementos e condicións de traballo que, respectivamente, poden influír negativamente na saúde das traballadoras nesta condición, ou aos que non se pode expoñer.

Sobre esas premisas este programa de redución ten como obxectivos:

- Verificar a implantación da devandita obriga no desenvolvemento de todas as actuacións de asesoramento ou comprobatorias que nas empresas realicen os técnicos do ISSGA.

- Determinar a existencia de condicións listadas nos anexos devanditos do RD 298/2009.
- Comprobar que se prevén as medidas expresadas no art. 26.1, ou no seu defecto, os postos exentos de risco aos que se refire o art. 26.2.

METODOLOXÍA

Este programa recolle información relativa a cada empresa sobre a organización preventiva, aspectos xerais da xestión preventiva e, en particular, a xestión dos riscos laborais para o embarazo e a lactación. Para este fin, elaborouse un cuestionario que se recolle no Anexo I e unha base de datos para facilitar o posterior tratamento desta información.


A recollida de datos levouse a cabo mediante a visita ás empresas por parte do persoal técnico do ISSGA. Este programa acompañou a outros plans e programas de redución nos que o ISSGA visitaba algunha empresa, é dicir que as empresas participantes no programa non foron escollidas previamente para o mesmo se non que xa participaban noutros plans programados polo Instituto. Isto implicaría que non existe unha inclinación inicial cara un tipo de característica da empresa en particular. En calquera caso, débese ter en conta que moitos datos son de carácter cualitativo, co que se introduce a percepción subxectiva do técnico que realizou a actuación así como a das persoas responsables da prevención na empresa.

DATOS DO PPE PARA O ANO 2011


No ano 2011 contamos con 304 empresas de Galicia nas que se levou a cabo algunha actuación en base a este programa. Destas, 298 empresas contan con traballadoras no seu cadro de persoal e 299 teñen feita unha avaliación de riscos consonte ao artigo 16 da lei de prevención de riscos laborais.

Datos das empresas

O tamaño das empresas visitadas abrangue desde pequenas empresas ata empresas de máis de 250 traballadores. No seguinte gráfico amósase a distribución destas segundo o cadro de persoal.




E segundo o sector de actividade, distribúense do seguinte xeito:



Organización preventiva

En canto á organización preventiva, 3 de cada 4 empresas contratan un servizo de prevención alleo para realizar as actividades de prevención.




Riscos das traballadoras embarazadas e/ou en lactación


Un 63% das empresas contan con avaliacións onde se identifican estes riscos para polo menos algún posto de traballo e no 44% dos casos existe un plan de actuación para cando se materialice dita circunstancia en todos ou algún dos postos nos que se recoñeceu o risco.

Non obstante, só un 10% das empresas contan cunha relación de postos de traballo sen riscos para a maternidade tal como indica o artigo 26 da lei de prevención de riscos laborais.

Identificación de riesgos




Plan de actuación




Riscos contemplados


Os axentes físicos foron os principais riscos contemplados que poden influír negativamente na saúde das traballadoras embarazadas ou en período de lactación natural, do feto ou do neno durante o período de lactación natural, conforme ao listaxe do Anexo VII do RD 298/2009. No gráfico seguinte vemos o número total de empresas que identificaron a existencia de exposición a un ou varios destes axentes.



Se detallamos estes datos por tipo de axente físico, os que se dan con máis frecuencia son os debidos a movementos e posturas, desprazamentos, fatiga mental e física... seguido de manipulación manual de cargas pesadas.




En canto aos axentes e condicións de traballo aos que non poderá haber risco de exposición por parte de traballadoras embarazadas (Anexo VIII do RD 298/2009) aparecen en primeiro lugar os axentes químicos e os axentes físicos. E para a situación das traballadoras en período de lactación deuse un caso de exposición a axentes químicos.



Medidas preventivas


As medidas contempladas polas empresas nas que existe un plan de actuación, foron as seguintes:




En canto a formación e información para as traballadoras sobre estes riscos, só un 26% das empresas a levou a cabo en tódolos postos de traballo e un 7% nalgún posto.

Execución das medidas preventivas

Xa cando se materializou a circunstancia, un 90% das empresas tomaron medidas preventivas no momento de ter algunha traballadora en situación de embarazo ou en período de lactación.



As medidas preventivas que finalmente se levaron a cabo, foron as seguintes:




DATOS DO PPE PARA O ANO 2012


No ano 2012 visitáronse 337 empresas e destas, 308 empresas contan con traballadoras no seu cadro de persoal e 335 teñen feita unha avaliación de riscos consonte ao artigo 16 da lei de prevención de riscos laborais.

Datos das empresas

No seguinte gráfico amósase a distribución destas segundo o cadro de persoal.




E segundo o sector de actividade a repartición é a seguinte:



Organización preventiva

A contratación dun servizo de prevención alleo é a modalidade maioritaria para realizar as actividades de prevención. Fixérono así o 75% das empresas.




Riscos das traballadoras embarazadas e/ou en lactación


No 78% dos casos se identifican estes riscos para polo menos algún posto de traballo e un 57% do total das empresas conta cun plan de actuación para cando se materialice dita circunstancia en algún dos postos nos que se recoñeceu o risco.

Só un 24% contan cunha relación de postos de traballo sen riscos para a maternidade tal como indica o artigo 26 da lei de prevención de riscos laborais.

Identificación de riscos




Plan de actuación




Riscos contemplados



No 2012 os axentes físicos tamén foron os principais riscos contemplados que poden influír negativamente na saúde das traballadoras embarazadas ou en período de lactación natural, do feto ou do neno durante o período de lactación natural.



Segundo tipo de axente físico, os máis frecuentes foron os movementos e posturas, desprazamentos, fatiga mental e física... seguidos de manipulación manual de cargas pesadas.




En canto aos axentes e condicións de traballo aos que non poderá haber risco de exposición por parte de traballadoras embarazadas aparecen maioritariamente os axentes químicos e físicos seguidos dos axentes biolóxicos. No caso das traballadoras en período de lactación os maioritarios son producidos por axentes químicos.



Medidas preventivas


As medidas contempladas polas empresas nas que existe un plan de actuación, foron as seguintes:




Con respecto á información e formación sobre os riscos para a maternidade, un 35% das empresas levouna a cabo en tódolos postos de traballo e un 9% nalgún posto.

Execución das medidas preventivas

Un 83% das empresas tomaron medidas preventivas no momento de ter algunha traballadora en situación de embarazo ou en período de lactación.



As medidas preventivas que finalmente se levaron a cabo en esa circunstancia, foron as seguintes:



CONCLUSIÓNS

Mostramos a continuación, as conclusións máis significativas segundo os resultados do informe:

- Vistos os datos dos anos 2011 e 2012, a maioría das empresas teñen mulleres no seu cadro de persoal (dun 91% a un 98% segundo o ano).
- Case todas (máis do 98%) contan cunha avaliación dos riscos consonte ao artigo 16 da lei de prevención de riscos laborais .
- Ademais desta obriga e segundo o artigo 26.1 de dita lei, esta avaliación deberá “comprender a determinación da natureza, o grao e a duración da exposición das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde das traballadoras ou do feto, en calquera actividade susceptible de presentar un risco específico”. Non obstante, só un 63% identificaron, na avaliación, riscos para a maternidade no ano 2011 e un 78% no 2012. Das que si identificaron riscos, en torno a un 80% non o fixeron para tódolos postos de traballo.
- Os riscos que se detectan de forma maioritaria son os provocados por axentes físicos. Incluídos nestes, destacan os movementos e posturas, desprazamentos, fatiga mental e física e outras cargas físicas vinculadas á actividade da traballadora. Tamén aparece con frecuencia a manipulación manual de cargas pesadas.
- Outra das obrigas marcadas polo artigo 26.1 da lei de prevención é a de adoptar as medidas necesarias para evitar a exposición aos riscos detectados, pero un 20% das empresas que detectaron riscos nalgún posto, non ten un plan de actuación para cando se materialice esa circunstancia.
- Tamén dentro das que detectaron riscos, só nun 55% existe formación e información destes para as traballadoras neses postos. O que supón, ademais dun incumprimento dos artigos 18 e 19 da lei de prevención, que a traballadora embarazada, non tendo a obriga de comunicar o seu estado, non sexa coñecedora de que pode estar poñendo en perigo a súa saúde e a do feto por falta da información sobre os ditos riscos e sobre a importancia dunha detección precoz do embarazo.
- En canto a planificación das medidas preventivas, que poden ser a adaptación do posto de traballo, o cambio deste ou a suspensión temporal do contrato por risco (art. 26 da Lei 31/1995) vemos que, en xeral, estas tres casuísticas están bastante repartidas. Non obstante, cando xa se materializou esta circunstancia, a medida maioritaria é a suspensión temporal do contrato.

ANEXO I. CUESTIONARIO DO PPE

PROGRAMA DE PROTECCIÓN DAS TRABALLADORAS EN SITUACIÓN DE EMBARAZO, PARTO RECENTE OU LACTACIÓN			
Formulario comprobador			
TÉCNICO			
Nome:			
Data de visita:	Actuación á que acompaña: P. Loita ☐ P. Loita Sobresel ☐ P. Grandes obras ☐ P. Obras singulares ☐ P. Seguridade Vial ☐ Invest. EP ☐ Outros ☐		
EMPRESA			
Razón social:			Expediente:
Enderezo:			Tel.: Fax:
NISS:	CIF:	CNAE:	Nº traballadores:
Período entrevistado:			
ORGANIZACIÓN PREVENTIVA			
Empresario ☐	T. designados ☐	SP Alén ☐	SP Propio ☐
SP Mercomunido ☐ Misto ☐			
AUDITORÍA: Si ☐ Non ☐ Exento ☐			
Actividades concertadas:			
AVALIACIÓN DE RISCOS E PLAN DE PREVENCIÓN			
Existe avaliación de riscos (AR) dos postos de traballo: Si ☐ Non ☐			Data de última revisión de AR:
Ten traballadoras ou é susceptible de terlas: Si ☐ Non ☐			
Na AR identifícanse riscos por exposición aos xerentes relacionados nos anexos do RD 298/2009 en algún posto de traballo? Si, en todos os postos ☐ Si, ningún posto ☐ Non ☐ Non procede ☐			
Nos postos nos que se recoñece o risco, existe un plan de actuación para cando se materialice dita circunstancia? Si, en todos os postos ☐ Si, ningún posto ☐ Non ☐			
De existir este plan de actuación, que medidas se contemplan?: Adaptación do posto de traballo ☐ Cambio de posto ☐ Suspensión temporal do contrato por risco ☐ Outras ☐			
Existe unha relación de postos de traballo sen risco para o embarazo ou lactación?: Si ☐ Non ☐			
Existe formación e información para as traballadoras en postos con risco durante o embarazo ou lactación?: Si, en todos os postos ☐ Si, ningún posto ☐ Non ☐			
EXECUCIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN			
Actualmente, ten traballadoras en situación de embarazo, parto recente ou lactación?: Si ☐ Non ☐			
De existir traballadoras embarazadas ou en período de lactación en postos con risco, tómáronse medidas preventivas sentadas e suficientes segundo a normativa de prevención de riscos para protexer as traballadoras, o feto ou o lactante?: Si ☐ Si, tómáronse medidas pero non se adecuadas ou suficientes ☐ Non ☐			
De ser o caso, qué medidas se tomaron?: Adaptación do posto de traballo ☐ Cambio de posto ☐ Suspensión temporal do contrato por risco ☐ Outras ☐			

ANEXOS VII E VIII DO REAL DECRETO 208/2008	
Lista non exhaustiva de acentos, procedementos e condicións de traballo que poden influir negativamente na saúde das traballadoras embarazadas ou en período de lactación natural, do feto ou do niño durante o período de lactación natural	Lista non exhaustiva de acentos e condicións de traballo aos cales non poderá haber risco de exposición por parte de traballadoras embarazadas
Acentos físicos ☐ Choques, vibracións ou movementos. ☐ Manipulación manual de cargas pesadas que supoñan risco, en particular dorsolombares. ☐ Ruído. ☐ Radiacións non ionizantes. ☐ Frio e calor extremos. ☐ Movementos e posturas, desprazamentos, tanto no interior coma no exterior do centro de traballo, fatiga mental e física e outras cargas físicas vinculadas á actividade de traballadora embarazada, que dese, a lute ou en período de lactación.	Acentos físicos ☐ Radiacións ionizantes. ☐ Traballo en atmosferas de sobrepresión elevada, por exemplo, en locais a presión, submarinismo.
Acentos biolóxicos Acentos biolóxicos dos: ☐ Grupos de risco 2, ☐ Grupos de risco 3 e ☐ Grupos de risco 4, segundo a clasificación dos acentos biolóxicos establecida no Real Decreto 664/1997, na medida que se saiba que os devanditos acentos ou as medidas terapéuticas que necesariamente teñen corrego poñen en perigo a saúde das traballadoras embarazadas ou do feto e sempre que non figuren no anexo VIII.	Acentos biolóxicos ☐ Toxoplasma. ☐ Virus da rubéola. Salvo se existen probas de que a traballadora embarazada está suficientemente protexida contra estes acentos polo seu estado de inmunización.
Acentos químicos ☐ As substancias etiquetadas R40, R45, R46, R49, R50, R52 e R53 polo Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real Decreto 363/1995, do 10 de marzo, ou etiquetadas como H351, H350, H340, H350i, H341, H351i, H351f e H351fd polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, na medida que non figuren aínda no anexo VII. ☐ Os acentos químicos que figuren nos anexos I e III do Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a acentos canceríxenos durante o traballo. ☐ Mercurio e derivados. ☐ Medicamentos antimetabólicos. ☐ Monóxido de carbono. ☐ Acentos químicos perigosos de recoñecida penetración cutánea.	Acentos químicos ☐ As substancias etiquetadas R50 e R51, polo Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real Decreto 363/1995, do 10 de marzo, ou etiquetadas como H360F, H360D, H360FD, H360Fd e H360DF polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas. ☐ As substancias canceríxenas e mutáxenas incluídas na táboa 2 relacionadas no "Documento sobre límites de exposición profesional para acentos químicos en España" publicado polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo para as que non haxa valor límite de exposición asignado, conforme á táboa III do citado documento. ☐ Chumbo e derivados, na medida que estes acentos sexan susceptibles de ser absorbidos polo organismo humano.
Procedementos (anexo I do Real Decreto 665/1997) ☐ Fabricación de auramina. ☐ Traballo que supoñan exposición aos hidrocarburos aromáticos policíclicos presentes na fuloa, o alcatrán ou a loza de hulla. ☐ Traballo que supoñan exposición ao po, ao fume ou ás néboas producidas durante a calcinación e o afinado eléctrico das matas de níquel. ☐ Procedemento con ácido forte na fabricación de alcohol isopropílico. ☐ Traballo que supoñan exposición a po de madeiras duras.	Condicións de traballo ☐ Traballo de minería subterránea.
	Lista non exhaustiva de acentos e condicións de traballo aos cales non poderá haber risco de exposición por parte de traballadoras en período de lactación
	Acentos químicos ☐ As substancias etiquetadas R54, polo Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real Decreto 363/1995, do 10 de marzo, ou H362 polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas. ☐ As substancias canceríxenas e mutáxenas incluídas na táboa 2 relacionadas no Documento sobre límites de exposición profesional para acentos químicos en España publicado polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo para as que non haxa valor límite de exposición asignado, conforme á táboa III do citado documento. ☐ Chumbo e derivados, na medida que estes acentos sexan susceptibles de ser absorbidos polo organismo humano. Condicións de traballo ☐ Traballo de minería subterránea.

ANEXO II “Lista non exhaustiva de axentes, procedementos e condicións de traballo que poden influír negativamente na saúde das traballadoras embarazadas ou en período de lactación natural, do feto ou do neno durante o período de lactación natural” (Anexo VII do Real decreto 298/2009)

A. Axentes.

1. Axentes físicos, cando se considere que poidan implicar lesións fetais ou provocar un desprendemento da placenta, en particular:

a) Choques, vibracións ou movementos.

b) Manipulación manual de cargas pesadas que supoñan riscos, en particular dorsolumbares.

c) Ruído.

d) Radiacións non ionizantes.

e) Frío e calor extremos.

f) Movementos e posturas, desprazamentos, tanto no interior coma no exterior do centro de traballo, fatiga mental e física e outras cargas físicas vinculadas á actividade da traballadora embarazada, que dese a luz ou en período de lactación.

2. Axentes biolóxicos.—Axentes biolóxicos dos grupos de risco 2, 3 e 4, segundo a clasificación dos axentes biolóxicos establecida no Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, na medida en que se saiba que eses axentes ou as medidas terapéuticas que necesariamente traen consigo poñen en perigo a saúde das traballadoras embarazadas ou do feto e sempre que non figuren no anexo VIII.

3. Axentes químicos.—Os seguintes axentes químicos, na medida en que se saiba que poñen en perigo a saúde das traballadoras embarazadas ou en período de lactación, do feto ou do neno durante o período de lactación natural e sempre que non figuren no anexo VIII:

a) As substancias etiquetadas R 40, R 45, R 46, R 49, R 68, R 62 e R63 polo Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, ou etiquetadas como H351, H350, H340, H350i, H341, H361f, H361d e H361fd polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, na medida en que non figuren aínda no anexo VIII.

b) Os axentes químicos que figuran nos anexos I e III do Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

c) Mercurio e derivados.

d) Medicamentos antimitóticos.

e) Monóxido de carbono.

f) Axentes químicos perigosos de recoñecida penetración cutánea.

B. Procedementos.

Procedementos industriais que figuran no anexo I do Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.»

ANEXO III “Lista non exhaustiva de axentes e condicións de traballo aos cales non poderá haber risco de exposición por parte de traballadoras embarazadas ou en período de lactación natural” (Anexo VIII do Real decreto 298/2009)

A. Traballadoras embarazadas.

1. Axentes.

a) Axentes físicos:

Radiacións ionizantes.

Traballos en atmosferas de sobrepresión elevada, por exemplo, en locais á presión, submarinismo.

b) Axentes biolóxicos:

Toxoplasma.

Virus da rubéola.

Salvo se existen probas de que a traballadora embarazada está suficientemente protexida contra estes axentes polo seu estado de inmunización.

c) Axentes químicos:

As substancias etiquetadas R60 e R61 polo Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, ou etiquetadas como H360F, H360D, H360FD, H360Fd e H360Df polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.

As substancias canceríxenas e mutáxenas incluídas na táboa 2 relacionadas no “Documento sobre límites de exposición profesional para axentes químicos en España” publicado polo Instituto Nacional de Seguranza e Hixiene no Traballo para as que non haxa valor límite de exposición asignado, conforme a táboa III do citado documento.

Chumbo e derivados, na medida en que estes axentes sexan susceptibles de seren absorbidos polo organismo humano.

2. Condicións de traballo.—Traballos de minaría subterráneos.

B. Traballadoras en período de lactación.

1. Axentes químicos:

As substancias etiquetadas R 64 polo Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, ou H362 polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.

As substancias canceríxenas e mutáxenas incluídas na táboa 2 relacionadas no “Documento sobre límites de exposición profesional para axentes químicos en España” publicado polo Instituto Nacional de Seguranza e Hixiene no Traballo para as que non haxa valor límite de exposición asignado, conforme a táboa III do citado documento.

Chumbo e derivados, na medida en que estes axentes sexan susceptibles de seren absorbidos polo organismo humano.

2. Condicións de traballo.—Traballos de minaría subterráneos.»